

Miguel Ángel Delgado González
Rúa Juan Castro Mosquera, 28 -2ºdrta.
15005 A Coruña

Asunto: solicitude de certificado acreditativo de silencio
Ref: 2022/T00148
SP 2022-004

Visto o seu escrito de data 4 de abril de 2022 no que solicita certificado de acto presunto e copia da totalidade do expediente 2022/00148, cómpre informarlle o seguinte:

O mencionado expediente 2022/00148 iniciouse mediante solicitude de información pública de data 24/02/2022 e finalizou mediante resolución expresa de data 9/03/2022, dentro do prazo dun mes fixado ao efecto no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Consta no expediente que se lle notificou a citada resolución o mesmo día 9/03/2022 a través do sistema de notificación electrónica da Xunta de Galicia, Notifica.gal .

En consecuencia, toda vez que o procedemento foi resolto mediante resolución expresa ditada en prazo non procede emitir certificado acreditativo do silencio.

Asemade, infórmolle que, actualmente, nesta Secretaría Xeral solo consta pendente de resolver o procedemento PR004A iniciado coa súa solicitude con número de rexistro 2022/729104 de data 19/03/2022.

Para poder solicitar un certificado de acto presunto debe ter transcorrido o prazo máximo para ditar e notificar a resolución. O artigo 24.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Complexo Administrativo de San Caetano
Edificio número 7
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 922
Mail secretaria.medios@xunta.gal
www.xunta.gal





establece que *“os actos administrativos producidos por silencio administrativo (...) producen efectos desde o vencemento do prazo máximo no que se debe ditar e notificar a resolución expresa sen que a mesma se expedira, e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en Dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido”*.

Toda vez que non se prevé un prazo máximo na regulación para o tipo de solicitude que vostede presentou (PR004A), este será de 3 meses segundo establece o artigo 21.3 da Ley 39/2015.

É por iso que, se temos en conta que a súa solicitude se presentou o 19/03/2022, aínda non transcorreron os 3 meses dos que dispón o órgano competente para ditar resolución expresa e notificárllela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe.

A secretaria xeral de Medios

(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

